

Saúdo e agradecemento. Celebración. Acontecemento: que se publique a obra reunida dunha autora, que se publique a obra reunida dunha poeta galega e que ademais se traduza a unha lingua de amplo espallamento para a súa distribución nun territorio non pequeno.

Delicioso paradoxo unha obra reunida nunha colección fragmentaria.

Ademais, tamén é en xeral un cómodo e doado acceso, ben compilado, ordenado e presentado nunha edición exquisita, da obra dunha poeta que moitas seguíamos pero que en ocasións debíamos facer certas manobras para seguir. A recolleita dos 7 libros seguidos permite a mellor e máis diáfana das perspectivas para botar luz sobre a obra de Martínez Delgado mediante un agradable paseo diacrónico que permite mesmo tirar conclusións verbo da evolución do seu traballo. Un luxo para calquera verdadeira amante da poesía, vaia.

Porque é que estas 7 entregas que levan testemuñando o percurso da sensibilidade finísima de Verónica dende hai agora esas dúas décadas que dicía o tango que non eran nada (nada?: 3,5cm en edición bilingüe!) ofrecen a paisaxe dunha evolución estética e emocional, pero tamén demostran trazos particulares, cada un enriquecendo o discurso do tomo reunido:

Os homes lilas recíbennos en canto encetamos o camiño con todo o seu asedio. Eles son a represión e os seus sarcófagos. O que trata de cohartarnos, de trabarnos os ollos e desdourarnos a inocencia. Os homes lilas sáennos ao paso con toda esa violencia ganchillada nas súas mantas, pespuntadas de carencias e de negacións impostas roce a roce.

Pero avanzamos ata quedarmos *deshabitadas e sen verdugo*, e esa segunda entrega fainos descubrir o vómito da perda, chegamos pola súa senda ao lugar do desexo, pero é un desexo sempre incompleto, un desexo malo, imperfecto, un desexo que non pode deixar de se malograr entre os dedos, vítima e verdugo confundíndose fronte a fronte agora que o camiño se volve un labirinto de espellos. As imaxes multiplicadas, o enganoso efecto de profundidade no azougue vainos dar unha impagable pista para a camiñada: devolveranos todo canto podamos sementar.

Mais debemos continuar avanzando, e aínda que deitamos todo o esforzo por facelo, acabamos *desterradas do noso corpo*. É o libro terceiro. Un que nos convoca polos terreos da desposesión, polos terróns da morriña, cando o mar é só devezo e o mapa un exilio. Un que nos asalta abrazadas ás árbores do desarraigo, tan fortemente abrazadas ás árbores do desarraigo, para

ofrecermos nesa visión a segunda das pistas que cargaremos nas alforxas: canción do estrañamento, a literatura é un abrazarse a ese estrañamento coma quen se aferra a unha táboa en medio do naufraxio. *Desterrada do meu corpo* materializa ese estrañamento, unha ollada terrible pero crucial.

O camiño segue e ninguén pode nin debe abandonar a marcha. O rumbo sempre adiante a pesar dos panterlos, dos escollos; cada infortunio proba o paso e así é que agora nos sae ao mesmo un irredento *ladrón de almas*. Ninguén mellor ca el vainos aprender a cobiza do engano, o xeo da usurpación. Hai unha violencia de volta cruzando o aire errante, pero este ladrón non só rouba, tamén entrega, entrega a rotunda certeza da terceira pista definitiva: pódese tamén amar a dor, pode ela definirnos, soletrear os nosos contornos e debuxar para nós unha pegada á que nos asir. Pode envolvernos no seu abrigo de aloumiño, pode significarnos esa atracción dos abismos. Enfrontámonos ao apego do sufrimento e talvez non valla xa espernexar e loitar contra o asombro, se cadra rendernos á evidencia, abaixarnos onda ela, e bicala ns beizos con tenrura. Esa ansia de confirmarnos. Recibir o embate da dor porque tamén so el é quen proba a nosa forza.

E así seguimos a viaxe, camiñando cara a un solpor de gatos, a miña pasaxe favorita. O traxecto da ausencia, o que fai da arquitectura do poema unha casa (un tema, un lugar, moi da época nesa altura da poesía galega). O camiño métese polo tanto agora nun espazo interior e é un acubillo para a tristura, baixadas as persianas do desencanto. Esta é a casa da desidia, sucada de corredores displicentes, alfombrada de incuria, onde morrer a desganas. Esta é indefectiblemente unha casa que fracasa. Pero as súas trabes levantarán o deste edificio poético que non se deixa de construír. (Un dos meus poemas favoritos do libro: “*Amor, non te durmas,*

escoita,

o xílgaro morreu,

sae a néboa de entre as baldosas,

escoito fusilamentos na rebotica,

mira, non durmas aínda,

está nevando baixo a cama”.) Cara

un solpor de gatos déixanos camiñar algúns dos grandes temas da obra de Verónica Martínez, alentan claros dentro desa casa escura: o merecemento e a aspiración, unha condena imprecisa,

como de néboa, o castigo e a redención, ás veces a culpa coma un gato negro ao axexo, o máis esvaradío e escorregadizo dos gatos. E sempre o sabor da penitencia, e con el a cuarta clave xa diáfana connosco: a poesía é o máis gorentoso sabor da penitencia. Volve o medo, a represión, pero sempre ela poderá salvarnos.

Por iso é que agora apuramos o paso, cae o día, e tras algunhas alancadas que nos fan arfar mentres tratamos de fuxir da noite atopamos por fin un acubillo: o *Refuxio*. Ironicamente ese refuxio vai ser máis o lugar da intemperie, a choupana do abandono, ocupando a desposesión, habitando a soidade. E entre as paredes do desgusto, vaise coar o becho da humillación, rillando toda a noite o noso medo. Horas e máis horas ata que as luces da mañá entran polas fiestras do casopo. É a esperanza coa que o camiño nos agasalla agora que estamos a cuberto. Todo o que camiñamos é a garantía coa que seguir, os pasos andados abalan os que veñan: e este refuxio confirma que toca atoparse a unha mesma, regresar á esencia propia bebendo da memoria e mais da orixe. Todo o que se derrubou coa furia haberemos de volver erguelo, autorreconstruírnos da nada, de cero, músculo a músculo, tamén dende o corpo. Así nos enfrontamos á quinta das verdades: o refuxio non eran estas catro paredes que nos salvagardan senón estes brazos e pel estas pernas e peito, o amparo non é fóra, o acubillo está en nós.

O camiño segue e fainos deixar atrás a cabana onde fixemos noite, vólvese pino agora, encostado, aguillóanos máis. Pola calor descubrimos que subimos á faldra dun volcán. E aínda así non podemos evitar a sensación do baleiro, a incapacidade da linguaxe entre outras ineficacias. A nosa ollada vólvese aquí xeóloga porque debece por ir á base e á raíz, *Cartapedra* é unha autoexploración: identidade e alicerce. E nesa busca profunda atoparase a sexta revelación e se cadra das máis absolutas: o volcán é a proxección da dor, o rebote da que se padeceu. A construción da identidade propia a través de todo o que expulsamos: cráter. O sedimento que deixa ao expulsarse todo o que coma un lume nos ardeu dentro, abrasando nas entrañas. Velaquí unha das máis fermosas definicións tamén do que é a poesía: ese mesmo e marabilloso pouso, exactamente o mesmo: o que dentro un día ardeu, e agora se deita como lava, o que dá en solidificar en formas novas no exterior.

Cando se chega ao lugar deste achádego chégase tamén a certo val do sosego, paz de redención e un alivio nos ollos que descansan.

O libro foi todo un camiño cheo de cons e de flores fermosas, tamén das plantas femininas, cheas de terminoloxía de xénero (o parto ubicuo) e de diversas herbas culturais. Son a vexetación que adobía o paseo con toda a sensibilidade cara a arte e o mundo da creación que Martínez demostra. Referencias míticas, literarias, e sobre todo pictóricas de todo tipo de procedencias : dende Chagal a Antón Patiño, de Pollock ata o barroco español, Dende Van Eyck ata Ensor, de Dalí a Camille Claudel, de Klimt a Eric Duyckraerts, de Baldovinetti á balsa da medusa.

Un transcurso ás veces entre paisaxes calmas pero as máis delas entre a penumbra. Nada diso importa cando do que se trata é de avanzar. E nese avance conta máis o camiño que se gaña que o que aínda descoñecemos. As nosas alforxas son agora algo máis ricas. Os nosos pasos, máis seguros. Grazas, Verónica Martínez, por deixarnos acompañarte nesta fonda travesía. As viaxes máis estimulantes só nos dan conciencia do mundo e máis ansia de percorrelo. Como ti mesma dixeches “*As boas palabras/ dábanme sede*”. A nós pásanos o mesmo: agora só queremos

máis.

Yolanda Castaño
Xaneiro 2014